



Facultade de Xeografía e Historia

Traballo de  
Fin de Grao

**Mulleres perseguidas e  
presas no tempo do  
Golpe e da Guerra Civil  
(1936-1939). O caso de  
Ponteareas.**

Alba Águeda Iglesias Amil

Director: Lourenzo Fernández Prieto

Departamento de Historia Contemporánea

Curso 2020/2021

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Xeografía e Historia da  
Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Historia

**Resumo:**

Nos tempos da Guerra, unha parte das mulleres galegas foi obxecto de múltiples violencias específicas, marcadas polo contexto do Golpe e polos postulados patriarcais e tradicionalistas que defendían os golpistas, entre estas a do encerro en centros de reclusión para mulleres. Así, o obxectivo deste estudo é, por un lado, indagar, nas posibles motivacións que expliquen esta violencia diferencial feminina, e por outro, identificar as estratexias que estiveron detrás desta violencia, analizando, particularmente o caso dos espazos de reclusión e cárceres femininos. Con esta finalidade, analizarase o caso de Pontearreas durante o 1936 ata o 1939, identificando as mulleres presas neste tempo, así como o centro de reclusión feminino que se creou na vila.

Tentarase, desta forma, aproximarse aos posibles factores que expliquen o seu encerro, así como, pescudar o perfil social das vítimas, as condicións destes lugares ou os elementos que as acompañaron na reclusión, ademais dos posibles efectos políticos e culturais que se puideron desenvolver como consecuencia das súas vivencias. De igual forma, buscarase sinalar outras violencias específicas como o caso das humillacións e vexacións públicas, sendo as mulleres reféns e presas vítimas tamén destes tratos, ademais do da retención.

**Palabras clave:** Guerra Civil, Mulleres, Cárceres, Violencia Sexual, Persecucións.

**Abstract:**

During the war, some Galician women were subjected to multiple specific forms of violence, marked by the context of the coup and by the patriarchal and traditionalist postulates defended by the coup perpetrators, including imprisonment in women's prisons. Thus, the objective of this study is, on the one hand, to investigate the possible motivations that explain this female differential violence, and on the other, to identify the strategies that were behind this violence, analyzing particularly the case of women's confinement centers and prisons. With this purpose, we had analyzed the case of Pontearreas during 1936 to 1939, identifying the women prisoners during this time, as well as the center of feminine reclusion that was created in the village.

In this way, we will try to get closer to the possible factors that explain their confinement, as well as to find out the social profile of the victims, the conditions of these places or the elements that accompanied them during their imprisonment, as well as the possible political and cultural effects that may have developed as a result of their experiences. Similarly, we seek to point out other specific forms of violence such as public humiliation and humiliation, with women hostages and prisoners also being victims of this treatment, in addition to that of detention.

**Keywords:** Civil War, Women, Prisons, Sexual Violence, Persecutions.

## Índice

Introdución: .....	1
1. O marco teórico da violencia contra a muller. ....	3
1.1 Un tradicionalismo antifeminista. ....	4
1.2 A violencia sexuada. ....	6
1.3 A violación como arma de guerra. ....	8
2. A retención: mulleres presas. ....	10
3. O exercicio da violencia, da persecución e da reclusión. ....	12
3.1 Cárceres e centros de reclusión. ....	13
3.1.1 As reféns en Pontearreas.....	16
3.1.2 As condicións das detidas. ....	19
3.1.3 Os motivos da detención. ....	20
3.1.3 As presas. ....	22
3.2 A humillación pública: rapado e escarmento. ....	23
3.3 O silencio: as secuelas e o impacto sociocultural.....	24
Conclusións. ....	26
Fontes empregadas. ....	28

## Introdución:

O obxectivo deste estudo será tratar de identificar as relacións de poder e violencias inscritas, nos tempos do Golpe de Estado e da Guerra Civil en Galicia, que se deron de forma diferencial cara as mulleres. Ademais concretarase, en liñas xerais, a denominada violencia sexuada tentando, na medida do posible, realizar unha aproximación ao mundo das retencións, das presas, recluídas e reféns destes anos. Presentarase a cuestión a través dos marcos xerais e analizarase en particular o caso da vila de Pontearreas. A través do caso ponteareán buscarase descubrir diversos exemplos dese tipo de violencia, para intentar extraer unha visión substancial da persecución e reclusión das mulleres.

Desta forma, as preguntas que se deben formular serían algunhas como cal foi a razón da reclusión destas mulleres, a estratexia a que estivo detrás; por que foron algunhas recluídas e outras non, a que perfil social respondían; que trato recibiron nos lugares de reclusión ou se foi un trato distinto ao dos homes, entre outras interrogacións.

A liña deste estudo asentase dentro das novas investigacións sobre a Guerra e o Golpe, que diferencian ambos episodios, e identifican a violencia empregada nestes anos como unha violencia de exterminio. Son o caso dos traballos de Fernández Prieto<sup>1</sup>, Artiaga Rego<sup>2</sup> ou Míguez Macho<sup>3</sup> que introducen unha nova mirada, nos que a violencia non responde ás dinámicas tradicionais de guerra, senón á novas lóxicas. Estas son perspectivas que buscan establecer un novo relato centrado nas sociedades, deixando atrás as visións heroicas, indo máis alá do paradigma de vítimas e verdugos, para comprender a estruturación das dinámicas bélicas postas en marcha.

Ideas que abandonan, por un lado, o repetido concepto de represión para explicar as matanzas do verán do 36; e por outro, o relato dunha guerra que esquece a importancia do golpe. Enténdese este como un golpe prolongado (dende o xullo do 1936 ata decembro de mesmo ano, cando, ao non caer Madrid, comeza a Guerra Civil como tal) que aplica

---

<sup>1</sup> FERNÁNDEZ, L., MÍGUEZ, A., VILAVEDRA, D., (eds.), *1936. Un nuevo relato*, Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020.

<sup>2</sup> FERNÁNDEZ, L. ARTIAGA, A., *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia de un pasado incómodo*, Madrid: La Catara, 2014.

<sup>3</sup> MÍGUEZ MACHO, Antonio, *La genealogía genocida del franquismo. Violencia, memoria e impunidad*, Madrid: Abada, 2014.

unha violencia extrema dende os seus inicios<sup>4</sup>. Ademais, o caso galego é significativo nese senso xa que non establece unha relación directa coa guerra que se desenvolvía nos distintos frontes entre o exército dos sublevados e o exército republicano e as forzas leais a este<sup>5</sup>.

Por outra banda, é clave identificar o estado no que se encontraban os estudos de xénero sobre a violencia na guerra. No caso dos exames do pasado, a narrativa dominante, como sinala Aldara Cidrás, foi a dun protagonismo esencial de homes occidentais de clase media-alta, tónica xeral nos estudos de historia pero aínda máis nos que tratan conflitos militares, un mundo eminentemente masculino: eles dirixen a guerra, eles lóitana. Criterio afectado pola concepción da guerra tradicional dun fronte aberto onde a gran maioría de baixas eran a dos homes que conformaban os exércitos. Se ben, na contorna do século XX (e xa antes nos conflitos de guerra colonial), a guerra tradicional deu paso a unha espiral de violencia na que as vítimas civís son moi elevadas. É neste contexto onde as mulleres pasan a ser parte da guerra, vítimas de forma moi cuantiosa e directa. Sen embargo, o protagonismo nos estudos seguiu sendo o masculino, relegando as experiencias femininas a un segundo papel, de mención case episódica<sup>6</sup>.

Nese liña, os estudos en perspectiva de xénero sobre a violencia na Guerra Civil seguen sendo con frecuencia un tema marxinal, de non sinxelo estudo por contar con fontes de complicada “contabilización”, segundo indica Mary Joud. Polo xeral, a cuestión das violencias sexuadas da Guerra ten algunhas evocacións nos diferentes estudos, pero son de forma rápida e a veces excesivamente descritiva, en ocasións sendo un parágrafo anegado pola historia xeral da Guerra<sup>7</sup>. No caso da historiografía galega nese senso, son poucas os estudos que tenten realizar unha aproximación á historia da Guerra baixo a perspectiva de xénero, sendo o caso de Julio Padra<sup>8</sup> un dos poucos exemplos.

---

<sup>4</sup> FERNÁNDEZ, L. ARTIAGA, A., *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia de un pasado incómodo*, Madrid: La Catara, 2014, pp. 45-46.

<sup>5</sup> MÍGUEZ MACHO, Antonio, *Xenocidio e represión franquista en Galicia*, A Coruña: Lóstegro, 2009, p. 16.

<sup>6</sup> CIDRÁS, Aldara “La mujer como sujeto de violencias y transmisora de memorias en la guerra civil española. El caso de Pontevedra (1936- 1939)” en *X Trobada Internacional Investigadorxs del Franquisme*, València, 2021, p. 734.

<sup>7</sup> JOLY, Maud, “Las violencias sexuadas de la Guerra Civil Española: paradigma para una lectura cultural del conflicto” en *Historia Social Nº61*, 2008, p. 90-91.

<sup>8</sup> PRADA, Julio, *Franquismo y represión de género en Galicia*, Madrid: Catarata, 2013.

A pesar de que no caso da Guerra Civil española as cifras de mortes en homes seguiu sendo superior á das mulleres, en Galicia só o 1,55% de mortes producidas entre 1936 e 1939 foron de mulleres, isto non quere dicir que estas non foran vítimas. A súa violencia estivo relacionada cunha serie de singularidades específicas, das que derivaron unha inmediata secuela practicamente invisible que non deixou mostra nas fontes escritas<sup>9</sup>. Identificar estas singularidades específicas será un dos obxectivos claves para comprender as lóxicas de violencia aplicada contra as mulleres no tempo da guerra, cuestión que se intentará acometer nas seguintes liñas.

A metodoloxía empregada, buscando esa finalidade, consistiu, en primeiro lugar, en apoiarse nos estudos sobre a violencia sexual e a reclusión no contexto xeral do Estado español, da man de Maud Joly, Adriana Cases, Irene Abad ou Ángeles Egido entre outras. Tamén para o caso do mundo penitenciario de Galicia, prestouse atención aos estudos de M<sup>a</sup> Victoria Martíns e Domingo Rodríguez. En segundo lugar, empregáronse as fontes documentais do Arquivo Municipal de Ponteareas, en concreto todo o referente ás reféns e presas nos tempos da Guerra nesta vila, de onde se extraeu nomes, acusacións e datos significativos para comprender o procedemento empregado en contra das mulleres. Así mesmo, para indagar sobre as realidades sociais das que non aporta información as fontes documentais, recorreuse á memoria oral, para o que se utilizou o fondo de Terra e Memoria, xunto ás entrevistas a certas persoas da entorna ponteareán feitas por elaboración propia. De igual forma, consultouse a base de datos do Proxecto Interuniversitario de Nomes e Voces para adquirir coñecemento sobre as vítimas no conxunto galego.

## 1. O marco teórico da violencia contra a muller.

Para examinar o fenómeno da violencia diferenciada sexual, cómpre entender dous núcleos de análise principais. Por un lado, unha violencia intrinsecamente ligada a unha concepción cultural tradicionalista, moi concreta, por parte dos golpistas. E por outra banda, unha violencia conforme ao propio contexto bélico, xa sexa como unha arma de

---

<sup>9</sup> CIDRÁS, Aldara “La mujer como sujeto de violencias y transmisora de memorias en la guerra civil española. El caso de Pontevedra (1936- 1939)” en *X Trobada Internacional Investigadorxs del Franquisme*, València, 2021 p. 737.

guerra ou como un método de castigo contra ás vencidas. Deste xeito, o que se vén expoñer nas seguintes liñas é a interconexión destes dous elementos que explican os mecanismos e as razóns do trato diferencial cara ás mulleres. É clave para isto, entender que estas accións non se trataron dun elemento novidoso, senón que, con matices, foron repetidas ao longo da historia no marco da guerra a través de diferentes formas e sempre inscritas dentro dunha sociedade xerarquizada e patriarcal. No caso concreto deste traballo, tentárase analizar o caso específico e eses matices derivados do propio contexto. Por tanto, non se trata só de identificar as vítimas senón de encontrar unha explicación a este paradigma de violencia dentro do que entraría a xogar as relacións de xénero.

### 1.1 Un tradicionalismo antifeminista.

En primeiro lugar, pódese observar como a violencia xestada contra as mulleres está ligada a un tipo de concepción cultural tradicionalista concreta por parte dos sublevados. Con ese obxectivo, cabe afondar na construción do modelo de feminidade desenvolto polos sublevados a través dalgunhas propostas que expliquen, primeiramente, un marcado antifeminismo e como consecuencia, unha violencia dirixida a aquelas mulleres que non responde ao ideal feminino tradicional.

Teresa Ortega expón unha serie de puntos claves para entender esta cuestión. Apunta como dende principios do século XX xurdiu un forte movemento sufraxista, que ao seu tempo deu paso a unha reacción contraria estendida por Europa, considerando o feminismo como algo “contra natura” e “inmoral” que ameazaba a supervivencia da nación e a harmonía da sociedade. En España sectores da dereita souberon combinar este discurso antifeminista cos postulados da Igrexa católica. A política sobre a muller, a súa posición e a función na sociedade tivo un acordo unánime entre as posicións ideolóxicas do conservadorismo autoritario, o fascismo e as posicións tradicionalistas católicas que pasaron a conformar a extrema dereita española, compartindo un discurso que perviviu na larga ditadura franquista.

A concepción da muller dentro da dereita reaccionaria e o tradicionalismo carlista servíase da filosofía organicista da sociedade e a súa fundamentación relixiosa para defender estes postulados, baseados nunha sociedade xerárquica, antiigualitaria, paternalista e corporativa. Dende o punto de vista do fascismo español, a Falanxe foi quen

de definir unha ideoloxía política centrada en catro eixes que atendían ao que debía cumprir a muller: o regreso ao fogar, a glorificación da maternidade, a formación física para chegar a ser unha perfecta nai e o afianzamento da familia como núcleo esencial da sociedade e como núcleo indisoluble da forza dun pobo<sup>10</sup>.

Nesa mesma liña, Manuel Ortiz sinala como son asumidos os postulados do nazismo no que respecta aos nenos, o fogar e a Igrexa (*Kinder, Küche, Kirche*), co que o trato feminino que defendían os sublevados non tiña nada de orixinal, fundamentando tamén nun concepción patriarcal do tradicionalismo católico que consideraba ás mulleres seres inferiores espiritual e intelectualmente, cuxa vocación era a de ser amas de casa e nais<sup>11</sup>.

Como apunta Mary Nash, o Novo Estado, fronte ao modelo igualitario republicano de dereitos e de cidadanía, implantaría un modelo feminino de submisión, convertendo ás mulleres en seres subalternos, de dependencia ao quedar baixo a tutela masculina, e de ideal de muller recatada. A retórica da ditadura introduciría arquetipos femininos arcaicos como *Reina do Fogar* ou *Perfecta casada*. A Segunda República presentouse como a causante de corromper ás mulleres e contaminar a súa feminidade. O descenso de natalidade, o matrimonio civil, o divorcio, as normas máis relaxadas de conduta sexual e o sufraxio feminino eran indicios da suposta decadencia moral do réxime republicano<sup>12</sup>.

Deste modo, Irene Abad considera que dende de xullo de 1936 a cidadanía da muller entraría nun proceso de persecución, co que se buscaba garantir o privilexio masculino sobre feminino na conformación da Nova España. O que se ansiaba era conseguir converter á muller nun suxeito ignorante, temeroso ante as consecuencias derivadas de transgredir as pautas de comportamento e moralidade impostas<sup>13</sup>.

---

<sup>10</sup> ORTEGA, Teresa, “Conservadurismo catolicismo y antifeminismo: la mujer en los discursos del autoritarismo y el fascismo (1914-1936), en *Ayer*, N° 71, 2008, pp. 55-75.

<sup>11</sup> ORTIZ, Manuel, “Mujer y dictadura franquista” en *Aposta: Revista de ciencias sociales*, N° 28, 2006, p. 5

<sup>12</sup> NASH, Mary “Vencidas, represaliadas y resistentes: las mujeres bajo el orden patriarcal franquista” en CASANOVA, Julián, *40 años con Franco*, Barcelona: Crítica, 2015, pp. 191-194.

<sup>13</sup> ABAD, Irene “Las dimensiones de la “represión sexuada” durante la dictadura franquista” en *Revista de historia Jerónimo Zurita*, N° 84, 2009, pp. 72-73.

Exemplos desta política, xa en tempos de guerra, son as ordenanzas do *Fuero del Trabajo* de marzo de 1938 (apartado II artículo I):“*en especial prohibirá el trabajo nocturno de las mujeres, los niños y liberará a la mujer casada del taller y de la fábrica*”. Así mesmo, a partir de 1937 convertíase en obrigatorio un servizo social para as mulleres, baixo a Sección Feminina, un período de tres meses de adoutramento e formación enfocada ao ámbito doméstico, seguido dun período de tres meses de traballo gratuíto<sup>14</sup>.

## 1.2 A violencia sexuada.

É a partir da aplicación destas lóxicas contrarías á liberdade da muller cando se observa a práctica dunha violencia específica. As historiadoras e historiadores Irene Abad, Iván Heredia, Sescún Marías Cadenas catalogan esta como “represión sexuada”<sup>15</sup> ao entender que responde a unhas estratexias punitivas moi concretas que atacaban directamente aos trazos propios da feminidade. Para estes, a violencia sexuada representa o combate da cidadanía feminina. As violacións, as torturas físicas dirixidas a partes concretas do corpo feminino (ventre-útero e peitos por exemplo), o rapado de pelo ou o escarnio público, son considerados un ataque directo á sexualidade feminina e aos atributos considerados “de xénero”, que se aplicaron co obxectivo non só de infrinxir dano físico senón tamén de ultraxar ditos atributos.

De igual forma, estas dinámicas violentas, que tiñan como obxectivo o a persecución da cidadanía, levaban implícito o interese pola reeducación. Mecanismos que cando eran empregados en contra das mulleres tiñan unha dobre finalidade. Por un lado, castigar a súa implicación ideolóxica, e por outro, castigar a transgresión, naquelas mulleres que ocuparan a esfera pública, dos modelos tradicionais de domesticidade feminina. Trátase dun método para a reeducación da vítima e do seu grupo ideolóxico, o castigo como escarmento, de facer da humillación unha especie espectáculo público<sup>16</sup>.

O obxectivo consistía, dentro da lóxica golpista, en definir a un inimigo, de deshumanizalo e de lexitimar así as súas actuacións, e por outra “purificar” a sociedade.

---

<sup>14</sup> BABIANO, J.; GÓMEZ G.; MÍGUEZ, A.; TÉBAR, J. *Verdugos impunes. El franquismo y la violación sistémica de los derechos humanos*, Barcelona: Pasado y Presente, 2018, pp. 53-57.

<sup>15</sup> ABAD, I.; HEREDIA, I; MARÍAS, S. “Castigos “de género” y violencia política en la España de Posguerra. Hacia un concepto de “Represión sexuada” sobre las mujeres republicanas” en IBARRA, Alejandra (coord.), *No es país para jóvenes*, 2012.

<sup>16</sup> *Ibíd*em, pp. 10-18.

Nese camiño, as mulleres que participaran da política na II República, ou simplemente estaban vinculadas por lazos matrimoniais ou familiares, convertéronse en obxectivo da persecución. Así, as mulleres non só foron castigadas pola súa implicación na esfera política, senón tamén por ser “as mulleres de *rojos*”. Poderíase, desta forma, catalogar a violencia exercida contra estas como “delito de consorte”, por ser a “esposa de”, a “nai de” ou calquera outro vínculo familiar que relacione a muller con homes con implicacións ideolóxicas democráticas contrarias aos golpistas<sup>17</sup>.

Nesa liña, o corpo na guerra, para Maud Joly, convértese nunha especie de fronte cuxa agresión permite humillar a aniquilar ao grupo inimigo no seu conxunto, especialmente cando os seus membros masculinos son inaccesibles. O que quere dicir que castigar ás mulleres significaba tamén castigar ás súas familias en sentido amplo, e polo tanto, aos homes que non podían castigar directamente<sup>18</sup>.

Dentro destas dinámicas entraban dous factores principais, o poder político e o poder do xénero. Por unha banda, debía mostrarse quen tiña o poder, quen eran os vencedores que impoñían as normas a todos os niveis da vida. E tamén por outra banda, debían proxectar sobre elas a virilidade que os golpistas aplicaban como valor fundamental da súa política. Desta forma, moitos dos mecanismos represivos que aplicaron contra as mulleres, cuxa máxima representación foi a das violacións, estivo ligada non unicamente a humillación senón tamén como acto demostrativo de poder. Segundo Abad, violábase como método de directo de castigo, e tamén para demostrar o desposuimento do inimigo nesa condición de despersonalizalo<sup>19</sup>.

Para Guiliana Di Febo, todo isto é forzado a través da ocultación da memoria das vivencias femininas emancipadoras. Un deses casos de ocultación foi a do termo “feminismo” que foi case descoñecido ata os anos sesenta, salvo cando se empregada acompañado do adxectivo “cristián” para definir o conxunto de deberes sociais e

---

<sup>17</sup> ABAD, Irene “Las dimensiones de la “represión sexual” durante la dictadura franquista” en *Revista de historia Jerónimo Zurita*, N° 84, 2009, pp. 75- 84.

<sup>18</sup> JOLY, Maud, “Las violencias sexuales de la Guerra Civil Española: paradigma para una lectura cultural del conflicto” en *Historia Social*, N°61, 2008, pp. 95-97.

<sup>19</sup> ABAD, Irene “Las dimensiones de la “represión sexual” durante la dictadura franquista” en *Revista de historia Jerónimo Zurita*, N° 84, 2009, pp. 84-85.

domésticos da muller, contrarios ao feminismo moderno causante de “deformación” dos valores tradicións<sup>20</sup>.

### 1.3 A violación como arma de guerra.

Sen embargo, non se debe sinalar como factores únicos os da súa ideoloxía, senón que a violencia foi aplicada independentemente da concepción tradicionalista dos seus executantes. Para Elena Sánchez, a violencia sexual nas guerras trátase dun compoñente habitual no elenco das atrocidades que caracteriza o seu transcurso, especialmente nas guerras conquista. Mediante o seu uso, os perpetradores manifiestan e exercen relacións de poder que feminizan e humillan ao inimigo. A violencia sexual, en especial as violacións e a escravitude sexual, é utilizada como estratexia de guerra debido, fundamentalmente, ao impacto que causa a desmoralización e desestruturación social do inimigo. A violencia sexual na contenda bélica responde a unha violencia planificada que non só afecta as vítimas, senón tamén ás familias e ás comunidades ás que pertence. É unha violencia concibida e percibida como unha humillación cara a familia e o colectivo de pertenza, de aí que os abusos se produzan con frecuencia en público, ante familiares e coñecidos<sup>21</sup>.

A violencia sexual contra as mulleres nas guerras foi percibida tradicionalmente como natural e inevitable, “normal”, e por conseguinte, aceptada e invisibilizada, cando non enmascarada e lexitimada<sup>22</sup>. Esta naturalización da violencia sexual, para a Elena Sánchez, facilitou a frecuente ausencia posterior de castigo para os perpetradores e responsables, á par que favoreceu a estigma e culpabilización das vítimas. Na propia Guerra Civil esta violencia funcionou como “arma psicolóxica”, ao que se engadía,

---

<sup>20</sup> DI FEBBO, Giuliana “Resistencia femininas al franquismo. Para un estado de la cuestión” en *Cuadernos de historia contemporánea*, Nº 28, 2006, p. 155.

<sup>21</sup> SÁNCHEZ, Elena, “Género y guerras: La criminalización de la violencia sexual” en *Journal of Feminist, Gender and Women Studies*, Nº3, 2016, pp. 48-52.

<sup>22</sup> Non foi ata despois da guerra de Bosnia-Herzegovina, na ex República de Iugoslavia, despois das violacións masivas de mulleres e embarazos forzados con fins políticos de “limpeza étnica”, cando comezaron a tipificarse as violencias sexuais como crimes de guerra. Para o Tribunal Penal Internacional a violación definiuse como unha “*invasión física de natureza sexual cometida contra unha persoa en circunstancias de coaccións*”, e violencia sexual como “*todo acto de natureza sexual cometido contra unha persoa en circunstancias de coacción*”. O Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional de 1998, en funcionamento dende o 2002, inclúe no termo de violencia sexual as seguintes prácticas: violación, escravitude sexual, prostitución forzada, embarazo forzado, esterilización forzada, ou calquera outra forma de violencia sexual de gravidade comparable, como crimes contra a humanidade.

ademais, o factor do culto fálico dentro do exército, especialmente dentro da Lexión, o que amparaba as violacións, chegando incluso a ser instigadas polos seus xefes<sup>23</sup>.

Nesa idea da práctica de violacións con independencia da ideoloxía do agresor, a historiadora Adriana Cases, a través da súa investigación sobre a zona republicana, indaga as claves para entender a violencia sexual e as súas motivacións na guerra<sup>24</sup>. Cases expón como se desenvolveu unha violencia sexual na retagarda, empregada como arma de guerra formando parte do repertorio de violencias despregadas polos comités republicanos. Para esta, as razóns polas que foron violentadas as mulleres nun bando como no outro, tiveron certas similitudes. No bando republicano tamén foron atacadas mulleres por saír do ámbito doméstico, pola súa militancia en organizacións católicas; eran mulleres que saíran dos seus fogares para defender proxectos sociais e políticos opostos dos apoiados polas socialistas, comunistas ou anarquistas. Por tanto, por ocupar espazos públicos aos que tradicionalmente non debía pertencer ás mulleres, mesma argumentación que empregarían os golpistas.

Así mesmo, a violencia sexual para Cases foi empregada como afirmación do poder varonil fronte ás acusacións do afeminamento que viñan da outra das liñas. Tamén servía como profanación do espazo sagrado (por ser a muller representante dunha organización católica) e como ferramenta para a violencia revolucionaria (dirixida contra estas pola súa posición social e económica). En definitiva, castigadas por representar á orde co que quería barrer a revolución, enmarcadas estas lóxicas dentro das prácticas de violencia anticlerical revolucionaria, ao tempo que de reafirmación do sistema patriarcal<sup>25</sup>.

Deste modo, para Susan Browmiller, a violencia sexual nas guerras ó longo da historia foi unha constante, sendo un acto inseparable do conflito bélico. Con todo, é necesario matizar que a violación non ten que ver cun instinto sexual desmedido dos homes, pese a súa xustificación por certas teorías sociobiolóxicas, non é outra realidade máis que a afirmación do poder e dominación. O violador utiliza a súa forza para dominar

---

<sup>23</sup> SÁNCHEZ, Elena, “Género y guerras: La criminalización de la violencia sexual” en *Journal of Feminist, Gender and Women Studies*, N°3, 2016, pp. 46-48.

<sup>24</sup> CASES, Adriana “La violencia sexual en la retaguardia republicana durante la Guerra Civil española” en *Historia Actual Online*, N°. 34, 2014, pp. 69- 80.

<sup>25</sup> *Ibídem*, pp. 69-71.

e humillar á vítima, situación que no contexto da guerra adquire o significado do sometemento total do inimigo a través das súas mulleres. Nese senso, a violación entendíase como un crime contra a propiedade privada dun home contra outro. Dentro desa tese, as mulleres non son consideradas individuos libres, senón propiedade dun home. A través das violacións o que se pretende transmitir é que o home non soubo protexer a súa muller, marcada agora pola invasión no seu corpo<sup>26</sup>.

## 2. A retención: mulleres presas.

“Perderán la libertad, gemirán durante años en prisiones, purgando sus delitos, en trabajos forzados, para ganarse el pan, y legarán a sus hijos un nombre infame: los que traicionan a la Patria no pueden legar a la descendencia apellidos honrados”<sup>27</sup>.

As detencións, as cárceres e reclusións femininas, é o sistema considerado para a autora Vicenta Verdugo o paradigma de represión franquista; conformando, os cárceres, o espazo no que o poder represivo articulouse como unha expresión do poder baseado nas relacións de xénero e clase establecidas na xerarquía e na dominación<sup>28</sup>. Para analizar dito mundo, habería que diferenciar a reclusión durante a Guerra Civil da dos anos do Franquismo.

Ángeles Egido nesa liña identifica distintos momentos para falar da vida das mulleres no cárcere. Inicialmente, durante a Guerra, a súa detención produciríase nos depósitos municipais, nas prisións de partido, nos cárceres provinciais ou nas prisións habilitadas, das que logo pasaban aos chamados Penais do Norte ou Prisións Centrais para o cumprimento da pena. A maioría das detidas antes do fin da Guerra non tiveran na súa gran parte responsabilidades políticas, especialmente se compara a súa situación coas penas recibidas polos homes. A razón, ao igual que no caso dos asasinatos, sitúase na

---

<sup>26</sup> BROWNMILLER, Susan, *Against Our Will. Men, Women and Rape*, New York: Simon and Schuster, 1975 pp. 31-33 citado en CASES, Adriana “La violencia sexual en la retaguardia republicana durante la Guerra Civil española” en *Historia Actual Online*, Nº. 34, 2014.

<sup>27</sup> VALLEJO NÁGERA, Antonio “La Ley del Talión”, en *Divagaciones intrascendentes*. Valladolid: Talleres Tipográficos Cuesta, 1938, p. 70 citado en VINYES RIBAS, Ricard “Doblegar y transforma: La industria penitenciaria y sus encarceladas políticas. Tan sólo un examen”, en *Studia Historica. Historia Contemporánea*, nº 29, 2012.

<sup>28</sup> VERDUGO, Vicenta “Franquismo y represión penitenciaria femenina: las presas de Franco en Valencia” en : *Arenal: Revista de historia de mujeres*, Vol. 15, Nº 1, 2008, p. 155.

circunstancia de que estas non tiveran un importante protagonismo político ao ser, a experiencia de acceder a novos espazos públicos, moi curta coa caída da II República. Cuestión que as colocou implicitamente nun segundo plano, xa que neses anos había poucas mulleres con cargos políticos ou sindicais con respecto dos homes, ao verse cortada radicalmente a súa inmersión nestes lugares co novo orde<sup>29</sup>.

A caracterización destes espazos destacou, para Elisabet Almeda, por un permanente estado deplorable: masificación, amontoamento polo elevado número de presos, militarización total do funcionamento, explotación das encarceradas e encarcerados con traballos forzados, dureza extrema, etc. Situación que tamén permanecería durante toda a ditadura: comida escasa, deficiente e de mala calidade, case nula asistencia hixiénica e sanitaria, o que provocaba elevadas enfermidades e mortes<sup>30</sup>.

A partir de aí, cómpre preguntarse cal é a tipoloxía das acusación que definían o encarceramento das mulleres presas. Egido establece dous casos, en primeira instancia o de responsabilidade subsidiaria, en substitución dos homes (cando non se encontraba ao varón, levábase a súa familia). E en segundo lugar, as condenadas por responsabilidade indirecta ou responsabilidade moral na suposta comisión de actos delituosos. Os cárceres nese sentido foron concibidas como espazos de rexeneración moral e de reeducación social. Con todo, cómpre ser conscientes de que o concepto de “*roja*” aludía a unha ampla gama de mulleres non só vinculadas a unha opción política, senón a unha categoría moral, reprobable e punible.

Dentro da particularidade da violencia feminina, é necesario sinalar aqueles elementos presentes só nos cárceres de mulleres como pode ser a presenza de nenos. Esta situación, con todo a súa bagaxe emocional e moral que convela, non era un elemento novo nin exclusivo do franquismo nas prisións, pero, debido as deplorables condicións infrahumanas, si era un condicionante engadido ao ver aos nenos morrer dentro dos cárceres ou sendo aloxados da súa familia cando cumpría tres anos (para ser reeducados nos valores dos vencedores) como indica Ángeles Edigo<sup>31</sup>.

---

<sup>29</sup> EGIDO, Ángeles, “Mujeres y rojas: La condición femenina como fundamento del sistema represor” en *Studia historica. Historia contemporánea*, Nº 29, 2011, pp. 21-28.

<sup>30</sup> ALMEDA, Elisabet “Pasado y presente de las cárceles femeninas en España” en *Sociológica: Revista de pensamiento social*, Nº 6, 2005-2006, p. 89.

<sup>31</sup> EGIDO, Ángeles, “Mujeres y rojas: La condición femenina como fundamento del sistema represor” en *Studia historica. Historia contemporánea*, Nº 29, 2011, pp. 29-30.

A isto tamén se suma a continua persecución ao saír do cárcere e o estigma de seren presas que as acompañou ata o final das súas vidas<sup>32</sup>. Ademais, como indica Ricard Vinyes, cando saían do cárcere o sistema xa tiña preparado nas rúas e nos domicilio, por leis de liberdade condicionada, unha vixilancia que se facía entre a combinación das novas autoridades, a beneficencia católica e as súas organización de masas<sup>33</sup>.

### 3. O exercicio da violencia, da persecución e da reclusión.

Para entender o proceso de violencia contra a muller, iníciase o caso empírico da súa aplicación, contextualizados na realidade galega. Julio Prada, un dos poucos autores que aborda a cuestión, defende que no marco da Guerra en Galicia, as mulleres non foron castigadas só pola súa implicación en actividades políticas ou sociais de carácter esquerdista durante a República, nin sequera foron consideradas culpables polos seus propios “pecados” (situación que se pode aplicar ao resto dos territorios do Estado). As mulleres galegas na súa gran maioría foron vítimas da violencia exercida polos sublevados por ser nais, irmás, esposas ou compañeiras de varóns buscados polas autoridades. Ou tamén pola súa mera condición de ser mulleres, por transgredir os valores tradicionais que para a nova orde era considerado o contrario á natureza á que tiñan que responder como mulleres<sup>34</sup>.

Dende esta perspectiva, préstase atención ao bisbarra de Pontearreas para coñecer o caso concreto das vítimas enmarcadas nesta vila, onde se pode observar a grandes trazos numerosos exemplos dunhas lóxicas de violencia específicas cara a muller, baixo unhas estratexias concretas coas que se poderá entender máis o porque da súa aplicación. Pontearreas tiña baixo a súa administración o Partido Xudicial composto por oito concellos: Pontearreas, Mondariz Balneario, Mondariz, Salvaterra, As Neves, Covelo,

---

<sup>32</sup> *Íbidem*, p. 34.

<sup>33</sup> Xa despois da guerra organizábase a partir de grupos de damas católicas baixo o nome do Patronato Central da Mercede para a Redención de Penas polo Traballo, damas da Vitoria encadradas en Acción Católica ou outras congregacións que viñan representar a comunión entre Igrexa e Estado. Consultado en VINYES RIBAS, Ricard “Doblegar y transforma: La industria penitenciaria y sus encarceladas políticas. Tan sólo un examen”, en *Studia Historica. Historia Contemporánea*, nº 29, 2012, p. 42.

<sup>34</sup> PRADA, Julio, *Franquismo y represión de género en Galicia*, Madrid: Catarata, 2013.

Crecente e a A Cañiza, o que conformaba o Condado- Paradanta; cunha poboación que abranguía máis de 15.000 habitantes na década dos anos trinta<sup>35</sup>.

Na vila, como expón Rodríguez Gallardo, patrullas de falanxistas xunto con gardas cívicos e civís dedicáronse, sobre todo nos primeiros meses do conflito, a aplicar unha violencia que non só destacou por levar a cabo as persecucións, asasinatos (dentro das distintas modalidades de paseos, sacas de presos ou a aplicación da lei de fuga), senón tamén pola posta en marcha do aniquilamento psicolóxico de numerosas familias da comarca, dos encarceramentos, das torturas, das violacións, etc. Actuacións que viñan presididas dun táctica planificada, baixo a estratexia de atemorizar á poboación, non sendo un caso de violencia cega ou incontrolada que afectou ao territorio galego por igual<sup>36</sup>.

### 3.1 Cárceres e centros de reclusión.

En primeiro lugar, explicárase o mundo da reclusión en Ponteareas, unha violencia que estará, así mesmo, vinculada ao resto de accións vexatorias que se aplicaron cara ás mulleres. Se ben, cómpre nun inicio situar o contexto do sistema penitenciario de Galicia naqueles tempos.

A medida na que avanza a Guerra Civil, cada vez o número de reclusos nos cárceres vaise incrementando de maneira progresiva. A sobreocupación foi unha constante nas prisións que quedaban na retagarda dos sublevados, chegando a ocupar nos seus interiores tres, catro ou cinco partes superiores ao que se consideraba a súa capacidade normal, como sinala Rodríguez Teijeiro. Nese senso, será necesario recorrer á creación de novas prisións “habilitadas” usando para iso mosteiros, fábricas, casas particulares ou calquera espazo coa capacidade suficiente e unhas mínimas garantías para a súa vixilancia e control<sup>37 38</sup>.

---

<sup>35</sup> RODRÍGUEZ GALLARDO, Ángel, *O ruído da morte, a represión franquista en Ponteareas (1936-1939)*, Sada-A Coruña: O castro, 2006, p. 23.

<sup>36</sup> *Ibíd.*, p. 26.

<sup>37</sup> RODRÍGUEZ TEJEIRO, Domingo “Morir de Hambre en las cárceles de Franco (1939-1945)”, *Historia Contemporánea*, Nº51, 2015, p. 645.

<sup>38</sup> Para coñecer exemplos de centro de reclusión e cárceres galegos consultar o fondo de Nomes e Voces, <http://www.nomesevoces.net/>.

Nesa liña, nas análises tanto da violencia desatada co golpe do 1936, como cos centros de reclusión nados da nova toma de poder, cando se fala do caso galego é especialmente importante ter en conta a particularidade de Galicia. Esta, ao caer en mans dos sublevados dende os primeiros momentos do conflito, convértese en zona de retagarda de forma inmediata, co que as detencións foron producíndose rapidamente.

Estas afectaron a todos aqueles que foron considerados resistentes, o que se traduciu en que ao longo das primeiras semanas do conflito o número de reclusos e reclusas aumentara de forma considerable. Foi tal que o sistema penitenciario existente e herdado da República (organizado a partir dos catro cárceres provinciais, xunto coas prisións de Partido Xudicial e os depósitos municipais) se viu absolutamente desbordado<sup>39</sup>.

No mesmo camiño, sinala María Victoria Martíns que o feito de que Galicia caese en mans dos golpistas nos primeiros meses, propiciou que se converteran, os cárceres galegos, nun laboratorio de estudio para o resto de territorios, sendo, por tanto, Galicia un escenario penitenciario onde se introduciron mecanismos novos de detención, clasificación e organización para a reclusión das mulleres. A isto súmaselle a realidade singular de Galicia, na que ante o inminente control a mans dos sublevados provocou que un gran número de varóns tiveran que fuxir, e a súa condicións de perseguidos tivo como resultado que as mulleres que estiveran en relación, principalmente familiar, acabasen detidas<sup>40</sup>.

En Galicia non se chegou a constituír ningunha prisión Central de mulleres, polo que unha vez que son ditadas as sentenzas, as penadas son trasladadas a prisións polo resto do Estado. No caso galego, a maioría foron parar ás prisións de Saturrarán no País Vasco ou á prisión das Oblatas en Santander. Con todo, aquelas mulleres que tiñan penas inferiores a un ano puideron pasar o resto da condena nas prisións provinciais galegas ou nalgunha das prisións habilitadas para mulleres, careceres habilitadas que no caso de Galicia foron tres: en Bande, Tui e Betanzos. A regulación definitiva dos depósitos

---

<sup>39</sup> RODRÍGUEZ TEIJEIRO, Domingo, “Los espacios de reclusión franquista en Galicia. Análisis de la población reclusa (1940-1950)” en *Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, Nº 16, 2008, pp. 245-246.

<sup>40</sup> MARTÍNS RODRÍGUEZ, María Victoria “Cárceles y mujeres en Galicia durante el franquismo” en *Studia historica. Historia contemporánea*, Nº 29, 2011, p. 88.

municipais e prisións de partido prodúcese a partir de 1941 como espazos provisionais, unha vez que desaparece a situación de excepcionalidade. Estes depósitos pasarían, nun principio, a albergar ás mulleres tan só tres días, antes de ser trasladadas a unha prisión de partido ou a unha provincial<sup>41</sup> .

No que corresponde á tipoloxía de mulleres galegas presas M. Victoria Martíns ofrece unha categorización que serviría tamén para sinalar algúns casos en Ponteareas. En primeiro lugar, estarían aquelas que foron vítimas da violencia por seren mulleres que foran recoñecidas socialmente nas súas comunidades pola súa participación en actos cívicos e políticos como manifestacións, asembleas e mitins. Dentro deste grupo destacarían principalmente aquelas mulleres que formarían parte de colectivos e grupos políticos principalmente en zonas urbanas como en Vigo, Ferrol ou A Coruña. Ou tamén das que se incluían dentro dos sindicatos femininos de redeiras ou conserveiras que contaban con certa sensibilidade política e cultural. Estas mulleres sufrirían os casos de asasinato (paseadas e fusiladas) ou prisión tras pasar por un consello de guerra. En concreto no caso galego o Proxecto interuniversitario de *Nomes e Voces* catalogou un total de 80 asasinadas, 72 delas mortas sen proceso xudicial e dúas executadas por sentenza da pena de morte<sup>42</sup>. Os delitos imputados eran clasificados baixo os conceptos de “delitos contra la seguridad del Estado”, tipificados como “rebelión militar”, “adhesión a la rebelión” “auxilio a rebelión” ou “excitación a la rebelión”. Estes eran sentenciados con penas de morte (que normalmente acaban conmutando por penas de reclusión perpetúa ou trinta anos ) ou condenas de varios anos ( de mínimo seis anos e un día).

Un segundo grupo, dende o punto de vista dos golpistas, correspondería ás mulleres acusadas de colaborar cos resistentes, cos desafectos ou cos fuxidos. Normalmente eran familiares ou veciños que se encontraban en paradiro descoñecido; nese caso, a muller cumpriría un papel fundamental para a supervivencia destes. Serían elas as que se enfrontarían ás novas autoridades ante a ausencia dos varóns, autoridades que as coaccionarían para capturar aos seus familiares ou coñecidos fuxidos. Nese senso,

---

<sup>41</sup> Ibídem, p. 101-106.

<sup>42</sup> Para saber máis datos sobre estas mulleres consultar o fondo de Nomes e Voces <http://www.nomesevoces.net/gl/>

resultou frecuente o confinamento destas mulleres nos seus propios domicilios, o que reducía a posibilidade de auxilio a estes homes <sup>43</sup>.

### 3.1.1 As reféns en Ponteareas.

É dentro deste segundo caso onde se pode introducir a realidade de Ponteareas xa que nesta vila identifícase un grupo de mulleres, todas elas familiares de fuxidos, que son detidas a partir dos primeiros momentos nos que comezan as persecucións. Recluídas no chamado *Salón do Gayo* (Galo)<sup>44</sup>, a planta baixa da casa particular da familia Novoa que tiña un salón moi espazoso (na rúa real ou “rúa de abaixo”), foi requisada polas tropas que chegaron a Ponteareas. “*Ao pouco, andaban tras do Fresco e encarceraron ás mulleres, como o cárcere estaba cheo, requisaron o noso salón e metéronas alí*” <sup>45</sup>.

Así estiveron, ao estar colapsado o cárcere do partido onde só había homes, as mulleres xunto cos seus fillos, converténdose o salón, por tanto, nun centro de retención feminino. Se ben, non se pode concretar a totalidade das mulleres que estiveron alí detidas, nin o tempo que pasaron, tense constancia de que foi a finais do verán do 1936 cando se comezou co proceso, e que foron unha gran cantidade de mulleres. Así o contaba Concepción González Trigo, cuxa nai estivera presa, e coa que durmira varias noites no centro de reclusión improvisado:

“A mi madre la prendieron y había muchísimas mujeres, mujeres de los escapados, [...] estaba María la de Casasnovas, Argentina la de la primavera la de Paco García, María la de Manuel el del Puente, estaba señora Inocencia [...] Carmen la de Piel Roja, [...] eran muchísimas mujeres allí. Y como la cárcel estaba abarrotada las metieron en el salón de Gayo” <sup>46</sup>.

A documentación non aporta os datos destas detencións no Salón do Gayo, mais si dá o nome e as razóns polas que as mulleres que estiveron vixiadas; coincidindo todas ou a gran maioría delas, cos nomes que a memoria sitúa no dito salón como detidas. Esta

---

<sup>43</sup> *Ibíd*em, p. 95-99.

<sup>44</sup> Coñecido así por unha anécdota familiar en relación cun galo, este espazo tempo despois foi empregado como salón de baile. Utilizouse para todo tipo de actos como vodas, teatros, etc.. Así mesmo, era o lugar onde ensaiaban as bandas de música. Tamén serviu como secadoiro de tabaco.

<sup>45</sup> Transcripción da entrevista a Olga Novoa Bautista, consultable en <http://galegadas.blogspot.com/2011/11/retallos-ponteareans-na-guerra-civil.html> [19/04/2021]

<sup>46</sup> Entrevista a Anónima, realizada por Anónimo (Ponteareas, Pontevedra, España, 04/05/1991). N° 51. Fondo HISTORGA Xeral, [www.terraememoria.usc.gal](http://www.terraememoria.usc.gal)

documentación, situada no Arquivo Municipal de Ponteareas e datada entre xaneiro e febreiro de 1937, establece unha listaxe dun total de dez mulleres e tres homes, baixo a catalogación de reféns, retidas e retidos nas súas casas baixo arresto domiciliario por seren familiares de homes que participaron na política da II República na vila e que se encontraban fuxidos.

“Tengo el honor de participar a V. que se encuentran detenidas en sus propios domicilios en calidad de rehenes, los familiares de los participantes en los sucesos de Julio al tiempo que se encuentran huidos, y cuyos familiares al respaldo se relacionan. Dios guarde a V. Muchos años. Ponteareas 18 de enero de 1937. El Comandante del Puesto. P. A. El Juez 2º, Manuel del Castillo Macón. Delegado del Orden Público. Ponteareas.”<sup>47</sup>.

Enumeración de nomes que vén acompañado coa súa correspondente vinculación familiar, establecendo, por tanto, de forma clara e directa, que a razón pola que son arrestados é pola relación coa súa familia. Algúns destes exemplos que corresponde a documentación son os seguintes:

“Argentina González Gandaire, de 36 años, nacida el 19 de Mayo de 1903 hija de Cándido y Rosa, [...]. Es la anterior esposa de Francisco García Fernández, oficial que fue de este ayuntamiento huido y actualmente en Lisboa y según noticias se aleja en aquella ciudad en el Hotel Americano y empleado Shell”

“Maria Prego Sammarful, de 33 años, casada, hija de Domingo y Benita naturales vecinos de la misma. Es esposa de José Bargiela, huido, del cual tampoco se conoce su paradero, considerado como socialista de acción”<sup>48</sup>.

Todas estas mulleres rexistradas como reféns estarían baixo sospeita por seren nais ou esposas de homes fuxidos, xunto con tres homes, nese caso os pais. Son os casos de Antonio Troncoso, pai de Ramón Troncoso; Manuel González Viana que identifican as novas autoridades como “El viana” e Manuel Martínez Otero, pai do que identifican

---

<sup>47</sup> Seguridad Ciudadana, Depósito de detidos, Cartafol 819/9, ano 1937, Archivo Municipal de Ponteareas.

<sup>48</sup> *Ibíd.*

tamén como “De los Rios”<sup>49</sup>. A relación familiar do total desas dez mulleres sería a seguinte:

<b>Nome</b>	<b>Relación Familiar</b>	<b>Familiar co que se relaciona</b>	<b>Cargo político-sindical deste último</b>
Argentina González Gandaire	Esposa	Francisco García Fernández.	Labrador que presidía o Sindicato Agrario de Moreira <sup>50</sup>
María Camba Fernández	Esposa	Benito Casanovas	Último alcalde da vila na República.
Genoveva Villar Taoboas	Esposa	Rebastiano Sánchez Vilas	Delegado do traballo da fábrica Gandeira Estens
María Martínez	Esposa	Jose Trigo Ucha	Presidente da Casa do Pobo de Pontearas <sup>51</sup>
Emérita Alconero	Esposa	Germán Veiga	Secretario do Concello <sup>52</sup>
Clementina Otero	Nai	Auguate Otero	-
Esperanza Cebreiro Carballido	Esposa	Perfecto Porto	-
Maria Prego Sammarful	Esposa	José Bargiela	-
Dolores Callesa Grosey	Esposa	“El habanero”, posible Rafael Gómez	Militante das Xuventudes Unificadas <sup>53</sup>
Carmen Estévez Galindo	Esposa	“Piel Roja” Ramón Troncoso	Concelleiro socialista <sup>54</sup> .

*Nota:* Elaboración propia a partir dos datos recuperados da documentación do arquivo municipal.

Gran parte destas mulleres son as recoñecidas como detidas no xa citado Salón del Gayo, co que habería que preguntarse se xa na altura de comezos do 1937 seguía detidas neste salón, se pola contra pasarían a estar retidas nos seus propios domicilios ou se por algunha razón as autoridades decidiran non facer mención á requisa deste domicilio para convertelo en centro de retención.

Así mesmo, non serían as únicas mulleres que puideron pasar por esta especie de cárcere improvisada. Tamén estiveron detidas outras pola mesma razón; pola súa relación con familiares perseguidos. Sería o propio caso de Concepción Trigo, muller de Herminio González (concelleiro e presidente da Casa do Pobo<sup>55</sup>) que estaría presa ata que asasinan

<sup>49</sup> 3Seguridad Ciudadana, Depósito de detidos, Cartafol 819/9, ano 1937, *Detenidos en Rehenes*, Archivo Municipal de Pontearas.

<sup>50</sup> RODRÍGUEZ GALLARDO, Ángel, *O ruído da morte, a represión franquista en Pontearas* (1936-1939), Sada-A Coruña: O castro, 2006, p. 83.

<sup>51</sup> *Ibidem*, p. 153.

<sup>52</sup> *Ibidem*, p. 79.

<sup>53</sup> *Ibidem*, p. 52

<sup>54</sup> *Ibidem*, p. 57.

<sup>55</sup> *Ibidem*, p. 112.

ao seu marido, o 31 de outubro de 1936, posta en liberdade dende ese momento<sup>56</sup>. Tamén Nieves Souto Alfaya, muller de Manuel González Fresco “o Fresco”, que estivo o 1 de agosto de 1936 no cárcere do Partido de Ponteareas, é ao estar cheo, pasou ao Salón do Gayo. A súa primeira detención durou sobre 5 semanas. Liberada, Nieves Souto permaneceu en Areas, pero vixiada polo falanxistas e gardas civís, segundo relata Rodríguez Gallardo<sup>57</sup>.

Ditas mulleres responderían a un perfil social de amas de casa ou tendeirás na súa maioría, dedicadas nalgunhas ocasións ao sector servizos con, por exemplo, casas de comida como era o caso de Concepción Trigo<sup>58</sup>. Non tiñan, que se coñeza, ningunha implicación de político nin sindical. Tampouco participaban activamente nos grupos políticos, sendo espazos nun principio masculinizados, e reservados para os seus parentes (caso dos homes de mulleres detidas implicados no goberno no concello durante a República como foron Benito Casanovas, Herminio González ou Ramón Troncoso).

### 3.1.2 As condicións das detidas.

Por outra banda, cabe preguntarse como puideron ser as condicións que viviron estas mulleres, durante os días, semanas e meses que pasaron arrestadas. M. Vitoria Martínez sinala que os recintos carcerarios galegos non contiñan as mínimas condicións hixiénicas, con infraestruturas para o aseo penosas, con un espazo moi limitado e con carencias de ventilación. Cuestión ao que se suma unha alimentación totalmente deficiente que limitaba as condicións de supervivencia das presas e os seus fillos. Se ben, estas malas condicións alimentarias foron unha tónica habitual, no caso das prisións de mulleres chegou a límites insospeitables, xa que en moitos casos as mulleres carecían de familiares que os puidese axudar a sobrevivir. Para as mulleres, ao contrario que para os homes, non se chegaron a crear redes de axuda de gran calado por parte das súas familias<sup>59</sup>.

Sen embargo, no caso de Ponteareas é tarefa complexa saber cales era as súas condicións. A memoria fala dun salón sen ningún tipo de comodidade, só un piso onde

---

<sup>56</sup> Entrevista a Anónima, realizada por anónimo (Ponteareas, Pontevedra, España, 04/05/1991). Nº 51. Fondo HISTORGA Xeral, [www.terraememoria.usc.gal](http://www.terraememoria.usc.gal)

<sup>57</sup> RODRÍGUEZ GALLARDO, Ángel, *O ruído da morte, a represión franquista en Ponteareas (1936-1939)*, Sada-A Coruña: O castro, 2006, p. 252.

<sup>58</sup> Entrevista a Rafael Bargiela, realizada por Alba Iglesias (Ponteareas, Pontevedra, España 27/04/2021).

<sup>59</sup> MARTÍNS RODRÍGUEZ, María Victoria “Cárceles y mujeres en Galicia durante el franquismo” en *Studia historica. Historia contemporánea*, Nº 29, 2011, p. 108-109.

pasar os días e as noites. Un espazo, ademais, especialmente frío e moi húmido<sup>60</sup>. Para usar os servizos, subían o domicilio dos Novoa, situado na última planta do edificio, como relata a filla menor, Dolores Novoa. Lugar onde tamén, segundo conta, quentárase a leite (os biberóns) para os fillos das detidas<sup>61</sup>.

Este referencia resulta útil para falar doutros dous elementos xa mencionados anteriormente. Por un lado, a inevitable presenza de nenos moi pequenos con estas mulleres e todo a carga emocional que iso implicaba, e por outro, a obtención de alimentos. A adquisición de comida dependía única e exclusivamente do que podían aportar as familias das presas. “*Cogía el desayuno y lo llevaba, para que mi madre desayunara también*”<sup>62</sup>. En ocasións, conseguir comida podería resultar complexo, se por exemplo non se contaba cunha familia que estivera en condicións de poder axudar. Cuestión á que tamén cómpre engadir a particularidade de que eran sociedades nas que eminentemente os homes se constituían como os principais provedores do sostendo económico, co que estando estes fuxidos e elas no cárcere, sería tarefa complicada a alimentación, e sobre todo, a supervivencia.

Así mesmo, outra vivencia da que é difícil constatar sería a do trato que recibiron estas presas no centro de reclusión. Centro ao cargo das autoridades, onde poderían darse abusos, maltratos ou vexacións con total impunidade. Sen embargo, non existen relatos destas prácticas que se lograsen rescatar da memoria, mais si se coñece casos de castigos cara aos familiares das presas. É o caso de Bernardo, tío de Concepción González, a quen as autoridades lle propinan unha malleira co obxectivo de conseguir que confesara onde se encontraba Herminio González<sup>63</sup>.

### 3.1.3 Os motivos da detención.

Descritos os principais datos que se encontran sobre ditas detidas e as súas condicións como reclusas, cómpre cuestionarse cales foron as motivacións que levaron ás novas autoridades a querer reter a estas mulleres. A primeira razón á que se pode aludir, que tamén estaría en relación a outras das violencias das que foron suxeito estas mesmas na

---

<sup>60</sup> Entrevista a Rafael Bargiela, realizada por Alba Iglesias (Ponteareas, Pontevedra, España 27/04/2021)

<sup>61</sup> Entrevista a Dolores Novoa, realizada por Alba Iglesias (Ponteareas, Pontevedra, España 03/04/2021)

<sup>62</sup> Entrevista a Anónima, realizada por anónimo (Ponteareas, Pontevedra, España, 04/05/1991). N° 51. Fondo HISTORGA Xeral, [www.terraememoria.usc.gal](http://www.terraememoria.usc.gal)

<sup>63</sup> *Ibíd.*

vila e que se pasará a comentar máis adiante (as vexacións públicas neste caso), é a de reclusión e retención como método de represalia. Un castigo no corpo das mulleres en ausencia dos seus homes. Observable no caso das violacións cando se fala da conquista na Guerra, a cuestión de prender ás mulleres cuxos homes estaban fuxidos, podería atender á mesma lóxica de pena, de corrección cara ás mulleres en lugar dos homes. Homes que participaran na política da II República e que escaparan da violencia desatada do golpe, aos que non podían reprimir. A detención en mans dos sublevados dende os primeiros momentos do Golpe, en lugares específicos como o Salón do Gayo, converteríase nun espazo onde estes poderían actuar con total impunidade, podendo impoñer relacións de poder violentas baseadas na represalia como obxectivo principal.

Tamén serviría como método, nesa liña, de escarmento público. Unha reeducación moral que sería empregada para que o resto das familias, e das mulleres en especial, asimilasen o que lles podía pasar senón respondía ao que os dirixentes do novo orde, baixo as proclamas do tradicionalismo católico, esperaban delas.

Outra razón que podería estar detrás desta detención é a do encerro para que xa sexa por medio deste e as severas condicións que implicaba, ou polos abusos e vexacións que lles aplicaban, confesaran onde se atopaban os maridos ou fillos. Así mesmo, tamén podería funcionar para intimidar aos fuxidos aos que lles podía chegar a noticia que a súa familiar estaba detida, e polo medo ao que lle puidera pasar, decidisen entregarse.

Nesa liña, dentro da estratexia para procurar a captura destes, a clausura e vixilancia da muller serviría para que esta non lles puidese axudar a evitar ás autoridades ocultándose. Suceso que en moitas ocasións pasaba na propia casa familia, como no caso de Germán Veiga que estivo escondido no faiado da súa casa<sup>64</sup>. Esta detención das súas mulleres faría que a subsistencia destes se volviera máis complicada. Tamén sucede algo similar en Areas, na casa de María Lahoz Álvarez onde encontraron varios fuxidos. Alí, procederon a asasinar aos seus irmáns, Antonio e Avelino Lahoz Álvarez, e a María Lahoz acabou detida, se ben, as acusacións foron sobreseídas sen declaración de responsabilidade<sup>65</sup>.

---

<sup>64</sup> Entrevista a Maite Veiga, realizada por Alba Iglesias (Ponteareas, Pontevedra, España 24/05/2021)

<sup>65</sup> PRADA, Julio, *Franquismo y represión de género en Galicia*, Madrid: Catarata, 2013, p. 211.

### 3.1.3 As presas.

Con todo, estas non son as únicas mulleres que foron recluídas. As documentación destes anos reflexa outros nomes, esta vez non como reféns senón que como detidas. Se ben, non se indica se puideron estar no Salón do Gayo ou se había unha zona habilitada para elas no Cárcere de Partido.

Un gran número de mulleres<sup>66</sup> é recollida, desta forma, como presas dende finais do 1938 ata o groso dos meses de 1939. Un total de 29 mulleres das que non se chega a especificar na súa totalidade as causas da detención (a gran maioría clasificadas por detencións de furto), co que resulta difícil identificar unha clasificación válida para estas detidas. Sen embargo, contamos coas excepcións de Dolores Varela e María Rosa Carballido Varela, detencións que se poden vincular aos anteriores casos, posto que de novo a detención vén dada polo vinculo familiar cun fuxido:

“Dolores Varela y María Rosa Carballido Varela esposa y madre respectivamente del huído, Jose Groba Carballido, las que fueron detenidas por prestar ayuda a los detenidos al monte. 18 de abril de 1939”<sup>67</sup>.

Destas 24 mulleres das que se coñece o seu nome, tampouco se ten constancia do tempo real que pasaron recluídas nin das condicións que puideron experimentar na reclusión. Pódense suxerir dúas hipóteses. Por un lado, xa no 1938 a dunha situación de difícil subsistencia para moitas familias, co que o incremento de furtos (rexistráronse por exemplo diversos casos de roubo de galiñas<sup>68</sup>) viñan dados pola necesidade de sobrevivir. E por outro, ao igual que no caso das identificadas como reféns citadas no ano anterior, sería unha detención para a reeducación moral, por ser estas transgresoras do modelo de

---

<sup>66</sup> Estas foron: Serafina Cabreiro Iglesias, Balbina Domínguez Sin Segundo, Encarnación Bargiela Groba, Primitiva Estévez Fernández, Secundina Estévez Fernández, Águeda García Castro, Venancia Vázquez Domínguez, Serafina Cebreiro Iglesias, Balbina Vilas Sin Segundo, Benigna Rodríguez Rodríguez, María Rosa González Fernández, Dolores Varela, María Rosa Carballido Varela, Bina Fernández Barros, Visitación Boente Campos, Perfecta Castro González, Pastora Rodríguez, Carolina Rodríguez Poñe, Peregrina Romero Fernández. Emilia Vilas Valiño, Generosa Vieitez Rodríguez, Delia González Vieitez, Carmen Taboas Ocampo, Otilia García Taboas, Mercedes Covelo Rodríguez, Gloria Porto Cebreiro, María Cabaleiro, Rosinda Sampedro, Rosalia Represas Ucha.

<sup>67</sup> Seguridad Ciudadana, Depósito de detidos, Cartafol 819/90, ano 1939/40, Archivo Municipal de Pontareas.

<sup>68</sup> *Ibíd.*

feminidade defendido polo novo orde ou a modo de escarmento por ser familiar de algún fuxido (Caso de Dolores Varela e M<sup>a</sup> Rosa Carballido).

### 3.2 A humillación pública: rapado e escarmento.

As mulleres detidas no Salón do Gayo foron ademais de presas, vítimas das rapas públicas e da exhibición polo largo das rúas da vila. Todas elas, antes de ser trasladadas ao Salón, eran rapadas diante do concello, para despois seren paseadas polo vila cara a rúa de abaixo (ou rúa Real) onde se encontraban o Salón “[...] rapáronlle o pelo alí no ayuntamiento e despois anduveron a seguilas por Pontearreas adiante medio día”<sup>69</sup>. Non foron as únicas mulleres, senón que tamén o sería as fillas dos fuxidos, as rapazas máis novas da vila que participaban nas actividades da Casa do Pobo, ou mulleres que puidesen ter certa participación social, que tiñan emprego ou mesmo certa implicación política<sup>70</sup>. No caso das fillas, estas ao igual ás nais eran castigadas pola actividade política dos homes da súa familia. Foi o caso, por exemplo, a filla de Benito Casanova, cuxa nai estivera presa, e a que tamén lle raparan o pelo<sup>71</sup>.

O rapado de pelo tratábase dunha exhibición que serviría como demostración da dominación sobre o inimigo no espazo público; unha actuación que participaba da implantación do terror no conxunto da comunidade. Nese sentido, a práctica do rapado de pelo ás mulleres parece estar vinculada cunha práctica fascista importada dende a Italia de Mussolini a España, especialmente cando foi acompañada de purgas con aceite de ricino. Pero tamén houbo un preceden alemán no anos vinte dentro dos grupos de extrema dereita. Se ben, a súa aplicación no contexto español supuxo un verdadeiro fito na contexto destes experimentos, pola súa extensión e a creación dun suplicio sexuado sen precedentes, segundo expón Maud Joly<sup>72</sup>.

Nesa liña, para González Duro o rapado público de pelo supoñía de forma simbólica o volver ó ámbito privado do fogar, avergonzadas e marcadas. Se durante a

---

<sup>69</sup> Entrevista Anónima realizada por Mónica Rocha (Pontearreas, Pontevedra, 02/01/2004), código 0017, Proxecto da Recuperación da Historia Oral de Pontearreas.

<sup>70</sup> Entrevista a Daniel Xesús Novoa Suárez, realizada por Domínguez Almansa, Andrés (Pontearreas, Pontevedra, España, 12/07/2006). N° 2047. Fondo Nomes e Voces, [www.terraememoria.usc.gal](http://www.terraememoria.usc.gal)

<sup>71</sup> Entrevista a María Martínez Camba realizada por Alba Iglesias (Pontearreas, Pontevedra, España 23/04/2021).

<sup>72</sup> JOLY, Maud, “Las violencias sexuadas de la Guerra Civil Española: paradigma para una lectura cultural del conflicto” en *Historia Social* N°61, 2008, p. 97-102.

República algunhas mulleres “soltáranse o pelo”, agora eran rapadas para castigar a súa insumisión á orde social tradicional que os golpistas querían impoñer a toda costa<sup>73</sup>. Así mesmo, as rapas, como sinalan os autores Domínguez, Hervella, Somoza e Fernández, buscaban privar do símbolo de beleza ou de coidado persoal, marcándoas socialmente mediante un castigo que as identificaba día a día, e por extensión tamén afectaba a súa propia familia. Estas rapas nalgúns casos eran realizadas obrigatoriamente con, tamén, esa función de humillación ós seus maridos, ou dalgún caso de barbeiros locais coñecidos pola súa inclinación política de tendencia de esquerdas<sup>74</sup>. “*Y obligaron a ir al novio, que estaba allí aprendiendo con mi tío, y también fue a cortarle el pelo. Choraba todo o mundo e os barbeiros e as raparighas*”<sup>75</sup>.

Serviría, desta xeito, e ao igual que no caso das detencións, como forma de reeducación moral para que “aprendesen” o resto das mulleres da vila; coaccionándoas a través do medo para que non eludiran o seu papel feminino tradicional imposto.

Existiron, ademais, outros exemplos na vila de tentativas de castigos contra as mulleres, por exemplo, por resistirse e protestar contra as vexacións das que estaban sendo vítimas as presas e rapazas no concello. Foi o caso de Filomena Iglesias Frade, avoa de Daniel Xesús Novoa, neto que contaba que cando a súa avoa protestará polo paseo das rapazas, fora ameazada polas autoridades con ser rapada por denunciar publicamente a situación<sup>76</sup>.

### 3.3 O silencio: as secuelas e o impacto sociocultural.

Cabe reflexionar sobre o impacto e as secuelas que puideron experimentar estas mulleres a raíz da súa experiencia, tanto na cárcere ou no centro de reclusión, como da propia vexación, humillación pública, maltrato e violencia vivida e, de igual forma, do que supuxo para elas o Golpe, a Guerra e a instauración da Ditadura. De novo, non se trata

---

<sup>73</sup> GONZÁLEZ DURO, Enrique, *Las rapadas. El franquismo contra la mujer*, Madrid: Siglo XXI España, 2012, p. 43.

<sup>74</sup> DOMÍNGUEZ, A., HERVELLA, G., SOMOZA, A., FERNÁNDEZ, L. “La mujer en el vórtice del terror: golpe de estado, represión y género (Galicia 1936-1939)”, *Centro Español de los Pirineos Orientales*, Perpignan, 2008.

<sup>75</sup> Entrevista Anónima realizada por Mónica Rocha (Ponteareas, Pontevedra, 26/01/2004), código 0021, Proxecto da Recuperación da Historia Oral de Ponteareas.

<sup>76</sup> Entrevista a Daniel Xesús Novoa Suárez, realizada por Domínguez Almansa, Andrés (Ponteareas, Pontevedra, España, 12/07/2006). Nº 2047. Fondo Nomes e Voces, [www.terraememoria.usc.gal](http://www.terraememoria.usc.gal)

dunha tarefa sinxela a de intentar reconstruír a súa experiencia, con ese obxectivo cómpre recorrer a memoria, en concreto achegarse ao relato da vivencia destas que pervive nos seus familiares.

Existen elementos máis determinados, de realidades materiais que resultan menos complexos de identificar. Estes serían, por exemplo, as consecuencias directas sociais e económicas que recaeron sobre estas mulleres. Por un lado, toda a condena e escarnio público tiveron os efectos esperados e algunhas mulleres sufriron un rexeitamento e marxinação social notable, manifestas nas dificultades á hora de acceder a un posto de traballo ou en actividades como comprar nunha tenda. Foi o caso de Nieves Souto Alfaya, muller de Manuel González Fresco “O Fresco”, quen foi suxeito de situacións como que clientas adictas ao réxime increparan ao propietario dun negocio en Ponteareas para que non lle vendera nada<sup>77</sup>.

Por outra banda, outra das realidades desencadeadas por estes motivos, foi a da difícil situación económica. As circunstancias sociais para moitas mulleres que perderan aos seus maridos (moitos deles mortos, fuxidos ou no exilio), o seu traballo, en ocasións as súas casas, fixo que a súa economía non fose positiva, cuestión que se acrecentou co propio contexto prexudicial da posguerra. Así o contaba Concepción González, filla de Herminio González Covelo, cando falaba da situación despois da morte do seu pai e liberación da súa nai:

“ [...]Volvemos á casa nosa, onde tiñamos o negocio, requisáranos case todo [...] a casa era alugada, de non ser por iso queimábana. Nos primeiros días, mentres non nos quitaron todo, non tiñamos diñeiro nin nada que fora para vender e faciánnos darlles de comer a dous ou tres falanxistas todos os días.”<sup>78</sup>

Ademais un dos outros elementos máis complexos de coñecer é o caso das secuelas persoais que atenden ao propio comportamento da personalidade destas mulleres. Pódese interpretar, a raíz do relato que aportan os seus descendentes, que as súas vivencias marcaron un carácter similar cara ás presas. Nalgúns casos o recordo que teñen destas

---

<sup>77</sup> DOMÍNGUEZ, A., HERVELLA, G., SOMOZA, A., FERNÁNDEZ, L. “La mujer en el vórtice del terror: golpe de estado, represión y género (Galicia 1936-1939)”, *Centro Español de los Pirineos Orientales*, Perpignan, 2008, p. 23.

<sup>78</sup> Transcripción da entrevista a Concepción González Trigo (Ponteareas, Pontevedra, 05/ 2003), consultable en <http://galegadas.blogspot.com/2011/11/retallos-ponteareans-na-guerra-civil.html> [19/04/2021]

mulleres, das súas avoas e tías en concreto, é o de personalidades apagadas e aflixidas<sup>79</sup>. Outra das similitudes que se repiten é o caso de mulleres que apenas saían da casa, temerosas de percorrer de novo a vila<sup>80</sup>.

Así mesmo, o silencio destas mulleres foi unha constante que se mantivo durante todo o Franquismo ata ás últimas décadas. Non sería, por exemplo, ata a vitoria do PSOE no ano 1982 cando Concepción González se sentise sen medo de contar o que lle acontecera á súa familia<sup>81</sup>, e, con todo quedarían marcas do sixilo e prudencia á hora de falar: “[...] *Yo no quiero citar nombres por no herir familias que igual ahora no les gusta [...]*”<sup>82</sup>.

## Conclusiones.

Para finalizar cómpre sinalar, unha vez exposto o caso de Pontearreas, as conclusións que se poden observar no que atende, por un lado, á violencia específica contra as mulleres e, por outro, á propia realidade da detención como método punitivo. O caso da bisbarra pontearreá ofrece a panorámica dunha realidade que se pode extrapolar ao resto do territorio galego e que axuda a entender as lóxicas violentas contra ás mulleres nun contexto específico. Nomes, lugares e recordos cos que se pode intentar reconstruír o pasado. Pero, con todo, seguen quedando moitas interrogantes e un campo de investigación moi grande inda por descubrir.

Así, pódese afirmar que a experiencia das mulleres da vila obedece, en primeiro lugar, a unha violencia diferencial con respecto aos homes ao vivir estas un proceso de escarnio público (o rapado de pelo), a reclusión pola súa relación familiar e non por estar directamente vinculadas ao mundo político, sindical ou público como foi a principal razón no caso do encerro dos homes. Ao que se suma a particularidade de vivir a reclusión acompañadas con fillos nun lugar específico para elas, neste caso o salón do Gayo.

Estes dous procedementos en contra das mulleres seguen o método dunha dobre violencia que se puido dar de forma simétrica e, ao mesmo tempo, no propio Salón. Por

---

<sup>79</sup> Entrevista a Rafael Bargiela, realizada por Alba Iglesias (Pontearreas, Pontevedra, España 27/04/2021).

<sup>80</sup> Entrevista a María Martínez Camba, realizada por Alba Iglesias (Pontearreas, Pontevedra, España 23/04/2021).

<sup>81</sup> Entrevista a Rafael Bargiela, realizada por Alba Iglesias (Pontearreas, Pontevedra, España 27/04/2021).

<sup>82</sup> Entrevista a Anónima, realizada por Anónimo (Pontearreas, Pontevedra, España, 04/05/1991). Nº 51. Fondo HISTORGA Xeral, [www.terraememoria.usc.gal](http://www.terraememoria.usc.gal)

un lado, o das vexacións, humillacións tanto no ámbito público como no de arresto, e mesmo habería que preguntarse se houbo violacións no caso dun encerro sen ningún tipo de protección social e dominado pola relación de poder dos homes da nova orde e o seu desexo de represalia cara ás mulleres. Incógnita difícil de resolver ao non rescatar da memoria o relato tan amargo do caso dunha violación. Por outro lado, o do propio encerro, a coartación da liberdade, as malas condicións deste e o propio estigma de non só ser rapadas senón de ser presas. Dúas realidades interconectadas das que foron vítimas as mulleres por ser mulleres, xa sexa por transgredir os preceptos da feminidade defendido polo tradicionalismo católico, ou por ser o obxectivo directo sobre o que arroxar o castigo que ía dirixido aos seus maridos ou fillos, nesa idea de suxeitos “propiedade” dos homes.

Ademais, tamén se debe sinalar outra especie de violencia que non atende precisamente ao momento do Golpe de Guerra, e que en certa medida segue estando presente: a invisibilidade da súas experiencias. Se ben, a morte e o asasinato xera un impacto na memoria moito maior que o da retención, a atención que se prestou ao conflito durante moito tempo puxo nun segundo plano as vivencias das mulleres. As razóns poden ser varias, en primeiro lugar, o evidentemente peso dunha ditadura lexitimada nesa violencia, na que nunca se puido denunciar tales feitos. En segundo, as secuelas e consecuencias culturais do vivido que fixeron que para estas mulleres non fora sinxelo falar do sucedido. Outra das razóns indubidables foi a do protagonismo masculino ao longo da historia e sobre todo nos conflitos bélicos, que invisibilizou sucesos como os relatados neste estudo.

Por último, cabe concluír con algunhas liñas de investigación abertas que non foron abordadas nas anteriores páxinas. Seguindo o exposto, habería que profundar aínda máis na propia experiencia durante toda a ditadura para estas mulleres. Tamén sería necesario abordar as vivencias das presas que non se recollen no Salón do Gayo, e aínda máis a lóxica de retencións femininas na posguerra e o traslado de mulleres ás cárceres provinciais ou centrais. Así mesmo, sería necesario investigar se noutras localidades como a de Pontearreas existen o mesmos rexistros de reféns e a mesma categoría para as presas nestes anos.

## Fontes empregadas.

### Fontes bibliográficas:

- ABAD, I.; HEREDIA, I; MARÍAS, S. “Castigos “de género” y violencia política en la España de Posguerra. Hacia un concepto de “Represión sexuada” sobre las mujeres republicanas” en IBARRA, Alejandra (coord.), *No es país para jóvenes*, 2012.
- ABAD, Irene “Las dimensiones de la "represión sexuada" durante la dictadura franquista” en *Revista de historia Jerónimo Zurita*, N° 84, 2009, pp. 65-86.
- ALMEDA, Elisabet “Pasado y presente de las cárceles femeninas en España” en *Sociológica: Revista de pensamiento social*, N° 6, 2005-2006, p. 75-106.
- BABIANO, J.; GÓMEZ G.; MÍGUEZ, A.; TÉBAR, J., *Verdugos impunes. El franquismo y la violación sistémica de los derechos humanos*, Barcelona: Pasado y Presente, 2018.
- CASES, Adriana “La violencia sexual en la retaguardia republicana durante la Guerra Civil española” en *Historia Actual Online*, N°. 34, 2014, pp. 69-80.
- CIDRÁS, Aldara “La mujer como sujeto de violencias y transmisora de memorias en la guerra civil española. El caso de Pontevedra (1936- 1939)” en *X Trobada Internacional Investigadorxs del Franquisme*, 2021, València, pp. 733-748.
- DI FEBBO, Giuliana “Resistencias femeninas al franquismo. Para un estado de la cuestión” en *Cuadernos de historia contemporánea*, N° 28, 2006, pp. 153- 168.
- DOMÍNGUEZ, A., HERVELLA, G., SOMOZA, A., FERNÁNDEZ, L. “La mujer en el vórtice del terror: golpe de estado, represión y género (Galicia 1936-1939)”, *Centro Español de los Pirineos Orientales*, Perpignan, 2008.
- EGIDO, Ángeles, “Mujeres y rojas: La condición femenina como fundamento del sistema represor” en *Studia historica. Historia contemporánea*, N° 29, 2011, pp. 19-34.
- FERNÁNDEZ, L. ARTIAGA, A., *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia de un pasado incómodo*, Madrid: La Catara, 2014.
- FERNÁNDEZ, L., MÍGUEZ, A., VILAVEDRA, D., (eds.), *1936. Un nuevo relato*, Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020.

- GONZÁLEZ DURO, Enrique, *Las rapadas. El franquismo contra la mujer*, Madrid: Siglo XXI España, 2012.
- JOLY, Maud, “Las violencias sexuadas de la Guerra Civil Española: paradigma para una lectura cultural del conflicto” en *Historia Social*, N°61, 2008, pp. 89-107.
- MARTÍNS RODRÍGUEZ, María Victoria “Cárceles y mujeres en Galicia durante el franquismo” en *Studia historica. Historia contemporánea*, N° 29, 2011, p. 87-117.
- MÍGUEZ MACHO, Antonio, *La genealogía genocida del franquismo. Violencia, memoria e impunidad*, Madrid: Abada, 2014.
- NASH, Mary “Vencidas, represaliadas y resistentes: las mujeres bajo el orden patriarcal franquista” en CASANOVA, Julián, *40 años con Franco*, Barcelona: Crítica, 2015.
- ORTEGA, Teresa, “Conservadurismo catolicismo y antifeminismo: la mujer en los discursos del autoritarismo y el fascismo (1914-1936), en *Ayer*, N° 71, 2008, pp. 53-83.
- ORTIZ, Manuel, “Mujer y dictadura franquista” en *Aposta: Revista de ciencias sociales*, N°. 28, 2006.
- PRADA, Julio, *Franquismo y represión de género en Galicia*, Madrid: Catarata, 2013.
- SÁNCHEZ, Elena, “Género y guerras: La criminalización de la violencia sexual” en *Journal of Feminist, Gender and Women Studies*, N°3, 2016, pp. 45-55.
- RODRÍGUEZ GALLARDO, Ángel, *O ruído da morte, a represión franquista en Ponteareas (1936-1939)*, Sada-A Coruña: O castro, 2006.
- RODRÍGUEZ TEIJEIRO, Domingo “Morir de Hambre en las cárceles de Franco (1939-1945)”, *Historia Contemporánea*, N°51, 2015, pp. 641-666.
- RODRÍGUEZ TEIJEIRO, Domingo, “Los espacios de reclusión franquista en Galicia. Análisis de la población reclusa (1940-1950)” en *Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, N° 16, 2008, pp. 241-260.
- VERDUGO, Vicenta “Franquismo y represión penitenciaria femenina: las presas de Franco en Valencia” en: *Arenal: Revista de historia de mujeres*, Vol. 15, N° 1, 2008, pp. 151-176.

VINYES RIBAS, Ricard “Doblegar y transforma: La industria penitenciaria y sus encarceladas políticas. Tan sólo un examen”, en *Studia Historica. Historia Contemporánea*, nº 29, 2012.

**Fontes documentais:**

**Arquivo Municipal de Ponteareas:**

Seguridad Ciudadana, Depósito de detidos, Cartafol 819/9, ano 1937, Archivo Municipal de Ponteareas.

Seguridad Ciudadana, Depósito de detidos, Cartafol 819/90, ano 1939/40, Archivo Municipal de Ponteareas.

**Base de datos do Proxecto Interuniversitario “Nomes e Voces”**

<http://www.nomesevoces.net/>

**Fontes orais:**

**Fondo Terra Memoria:**

Entrevista a Anónima, realizada por Anónimo (Ponteareas, Pontevedra, España, 04/05/1991). Nº 51. Fondo HISTORGA Xeral, [www.terraememoria.usc.gal](http://www.terraememoria.usc.gal)

Entrevista a Daniel Xesús Novoa Suárez, realizada por Domínguez Almansa, Andrés (Ponteareas, Pontevedra, España, 12/07/2006). Nº 2047. Fondo Nomes e Voces, [www.terraememoria.usc.gal](http://www.terraememoria.usc.gal)

**Proxecto da Recuperación da Historia Oral de Ponteareas.**

Entrevista Anónima realizada por Mónica Rocha (Ponteareas, Pontevedra, 02/01/2004), código 0017, Proxecto da Recuperación da Historia Oral de Ponteareas

Entrevista Anónima realizada por Mónica Rocha (Ponteareas, Pontevedra, 26/01/2004), código 0021, Proxecto da Recuperación da Historia Oral de Ponteareas.

**Entrevistas de elaboración propia:**

Entrevista a Dolores Novoa, realizada por Alba Iglesias (Ponteareas, Pontevedra, España 03/04/2021)

Entrevista a Maite Veiga, realizada por Alba Iglesias (Ponteareas, Pontevedra, España 24/05/2021)

Entrevista a María Martínez Camba realizada por Alba Iglesias (Ponteareas, Pontevedra, España 23/04/2021).

Entrevista a Rafael Bargiela, realizada por Alba Iglesias (Ponteareas, Pontevedra, España 27/04/2021).

**Outras entrevistas:**

Entrevista a Concepción González Trigo (Ponteareas, Pontevedra, 05/ 2003), consultable en <http://galegadas.blogspot.com/2011/11/retallos-ponteareans-na-guerra-civil.html> [19/04/2021]

Entrevista a Olga Novoa Bautista, consultable en <http://galegadas.blogspot.com/2011/11/retallos-ponteareans-na-guerra-civil.html> [19/04/2021]